


ULTREIA

POESIA • PINTURA

ULTREIA

POESIA • PINTURA



ALIAD-ULTREIA

POESIA • PINTURA

ULTREIA

Coordinador: *Julio Giz*

© Reservados todos los derechos de edición.

EDITA: *Servicio de Publicaciones Diputación Provincial
San Marcos, s/n - 27001 LUGO*

IMPRIME: *Talleres Gráficos Diputación Provincial
Dep. Legal: LU-428-93
I.S.B.N.: 84-86824-42-7*

*Impreso en España
Lugo (Galicia)
1993*

XOGADE, POMBIÑOS GARULEIROS!

*Non cansedes de xogar,
seguidе, destemidos cabaleiros
enriba da basoira,
galopando en procura de fantásticas
victorias e trofeos.
Xogade ó taborete, a pillar,
á pita cega, á billarda,
ós marcos e á estaca,
e quen máis corra
e resalve máis sebes.*

(Ti que estás no taborete

¿que comiche?

—Pan rolete

¿Darasme un pouco del?

—Darei, darei. Sube ti, que eu baixarei).

*Da natureza disfrutade a cheas,
enchede os peitos de saúde
e que as vosas meixelas
semellen o roibén dun sol noviño.
O mundo é voso. Sodes merecentes
de tódolos engados
que enfeitan o universo
—luz, amor, vida, forza, poesía—
porque tedes sinxelos sentimentos
e o voso corazón é nobre.
Libres de anceios porcallentos,
ignorades o fraude e a cobiza
dos maiores, que están a esborrallarse
e son quen de matar,
de facer traición ós irmáns
—guerra, drogas, afan de mando—
porque cóidanse deuses inmortais
domeadores da materia.*

*Xogade, pombiños garuleiros,
coas escumas do mar.
Barullade nos parques das cidades,
ceibade gargalladas e aturulos
nas aldeas da nosa Terra,
berrando polo amigo.
Que os homes vexan
que a irmandade e o amor
aínda existen!*

*(Ti que estás no taborete
¿comiche pan de coxete?
—Eu comín, comín e ti rabeas
por il).*

*Déspotas e tiránicos,
tal robots teledirixidos
por líderes de barro,
refugan as olladas garimosas,
mófanse da inocencia
e dos peitos afoutos.
Son egoístas
e o peor ¿sabedes?
son almas mortas, secas, sen miolo,
mergulladas na lama,
que gozan fozando na carniza.
Vós tedes o futuro nas mans.
Vós sodes a semente
que froitificará
nun porvir ventureiro.
Xogade,
e que as vosas meixelas
agoiren o anxeiado triunfo
do amor!*

INDICE POETAS

N.º	NOME POETA	TITULO OBRA
1	ELISEO ALONSO	ESTRELA SEN NOME E SEN ROSTO
2	XOSE M. ALVAREZ CACCAMO	LUZ DA FLOR DO CAL
3	MANUEL ALVAREZ TORNEIRO	VIN CAIDO O ECLIPSE NO ALZADO DAS LARANXAS
4	XELA ARIAS	MONOLOGO ADICTO
5	ELOI CALDEIRO	HEROICIDA
6	MARICA	AINDA E CEDO A MORTE
7	XOSE M. COSTA	DESPOIS...
8	XAVIER COSTA CLAVELL	EU SON UN DROGADICTO
9	JOSE DEVESA	MEA CULPA
10	XOSE DIAZ JACOME	CANCION DE BERCE
11	LOIS DIEGUEZ	MURMURIAS DA CIDADE NEGRA
12	MANUEL FABEIRO GOMEZ	TEN PIEDADE SEÑOR, TEN PIEDADE
13	ALFONSO GALLEGO	FAGO APOSTAS POR VOSOUTROS NAS CENTURIAS...
14	XOSE LOIS GARCIA	DESAMOR E LADAIÑA
15	SALVADOR GARCIA BODAÑO	ENDECASILABOS ECOLOXICOS
16	CARLOS GOMEZ ALFARO	¡XOI
17	BERNARDINO GRAÑA	MEDRA O MAR
18	MANUEL GUEDE OLIVA	SO DOU GARDADO...
19	CECILIO LAGO GONZALEZ	A INVERNIA DA ALMA
20	XULIO LOPEZ VALCARCEL	MAR NO CORAZON
21	MANUEL MARIA	PROVERBIO DA MORTE GRATUITA
22	MERO	HERBA MALA
23	MANUEL XOSE NEIRA	POR SAN XOAN...
24	XOSE NEIRA VILAS	VOLTAR (retorno do drogodependente)
25	JUAN PEREZ CREUS	CANDO TODO O MUNDO...
26	LUZ POZO GARZA	CADA MENCER
27	XESUS RABADE PAREDES	NO OUTRO DA COCAINA
28	XAVIER RODRIGUEZ BARRIO	CADA JONKIE FOI COMO UN OCASO
29	MANUEL RODRIGUEZ LOPEZ	XOGADE, POMBIÑOS GARULEIROS
30	MIGUEL SANDE	NESE INMENSO AREAL
31	ANTOM SANTAMARINHA	CAMELO E...
32	XOSE VAZQUEZ PINTOR	RAPOSEIRAMENTE ESTAS MANCANDO...
33	FIZ VERGARA VILARIÑO	DIALOGOS CON MARTA
34	HELENA VILLAR JANEIRO	DOR DE NAI ORFA



ASOCIACION LUCENSE DE INFORMACION
Y AYUDA AL DROGODEPENDIENTE



DIPUTACION PROVINCIAL
LUGO

